

## **ACORDOS DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS DO DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2021**

Héctor Rodríguez Martínez, coordinador do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos da Universidade de Santiago de Compostela,

INFORMO que a Comisión Académica do Máster, na súa reunión ordinaria do día 16 de novembro de 2021, chegou ós seguintes acordos:

- Aprobación da acta da reunión da Comisión de data 1-10-2021.
- Ratificación da aprobación, efectuado anteriormente polo procedemento de urxencia, de 15 propostas abertas de TFM para o curso 2021-2022, achegadas por profesorado do Departamento de Enxeñaría Química.
- Ratificación da aprobación, efectuado anteriormente polo procedemento de urxencia, de 12 novas propostas pechadas de TFM para o curso 2021-2022, así como de 2 prórrogas de proxectos de TFM iniciados no curso 2020-2021 (un deles incluíndo unha variación nos títulos).
- Modificación de horarios dos módulos 2 e 3 do curso 2021-2022.
- Proposición de asignación docente de materia “Dirección de Proxectos de Enxeñaría”, xa no curso 2021-2022, ós profesores A.H.Q. e M.M.I.
- Manifestación favorable á eliminación da categoría “Moi favorable” na avaliación realizada na ETSE das solicitudes de quinquenios de docencia do profesorado.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Héctor Rodríguez Martínez